

Cantabria

afundación.org



Embajador
Viajes

//Afundación

Obra Social ABANCA



Lonxe de desdebuxar a súa identidade, Cantabria reúne mar e montaña, gastronomía e cultura, extensos areas e poboacións medievais. Unha das comunidades máis fermosas de España, é alegre e acolledora, recende a sobao e a manteiga. Un golpe de aire fresco. Picos de Europa, anchoas, vilas pintorescas, edificios históricos, impresionantes paisaxes naturais, ríos e vales. Cantabria é infinda, como todos sabemos, pero nesta viaxe coñeceremos o mellor dela, e tamén o máis descoñecido, o auténtico.

29 de setembro – Galicia / San Vicente de la Barquera / Comillas / Noja

Saída á hora indicada en autocares dende os Espazos +60 Afundación, para centralizar a saída do autocar principal. Saída á hora indicada dirección Cantabria, con breves paradas en ruta. Chegada a San Vicente de la Barquera e xantar en restaurante. Pola tarde visitaremos San Vicente de la Barquera, unha vila ligada ao mar polas súas tradicións e costumes. Destaca polo seu valor paisaxístico e polos seus bens culturais, como a igrexa de Santa María de los Ángeles, o antigo convento de San Luis e o castelo de San Vicente. Continuación da viaxe cara a Comillas para visitar esta emblemática vila cántabra na que contemplaremos os exteriores da Universidade Pontificia, o Palacio de Sobrellano e o Capricho do xenial arquitecto Gaudí. Chegada ao hotel, cea e aloxamento.

30 de setembro – Santander

Almorzo. Saída para visitar a emblemática cidade de Santander, onde coñeceremos os xardíns de Pereda, a praza Porticada, o edificio rexionalista de Correos e Telégrafos, a igrexa del Cristo e a Catedral. A comercial rúa de Juan de Herrera achéganos ao centro neuráxico onde está o



concello, preto do cal se atopan o Museo Municipal de Bellas Artes e a Casa-Museo e Biblioteca de Menéndez Pelayo. Un dos espazos máis fermosos e significativos é a Península de la Magdalena, onde o Tren Magdaleno nos levará ata o Palacio. Visitaremos o exterior e o interior do Palacio de la Magdalena, coñecendo as dependencias deste edificio, construído entre 1909 e 1911 por subscrición popular para albergar a familia real española. Xantar en restaurante. Pola tarde coñeceremos Santander dende o mar, realizando un interesante paseo en barco que nos mostrará toda a costa santanderina. Poderemos contemplar o Palacio de Festivales, o Real Club Marítimo, o Paseo Pereda, o Palacete del Embarcadero, o Centro Botín, o Museo Marítimo del Cantábrico, o Hotel Real e Casa Pardo, a praia dos Peligros, a praia da Magdalena, a praia do Sardinero, a illa de Mouro... Tras esta interesante visita, regreso ao porto. Breve tempo libre na cidade para dar un paseo ou gozar do ambiente das súas terrazas. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

1 de outubro – Santillana del Mar – Cartes – Aés – Puente Viesgo

Almorzo. Visitaremos, con guía local, a vila de Santillana del Mar, chea de innumerables edificios nobres e brasóns que conservan o seu pasado medieval. Destaca a colexiata de Santa Juliana, o edificio máis representativo e a xoia máis importante do románico en Cantabria. Tamén visitaremos o Museo Nacional e Centro de Interpretación de Altamira. Xantar en restaurante.

Pola tarde percorrерemos a Cantabria máis descoñecida. Primeiro visitaremos a vila de Cartes, un conxunto histórico onde destacan os torreóns góticos. Atoparemos casas con fachadas de cachotería, algunhas con capelas, de reducido tamaño, aínda que con escudos de armas. Entre elas destacan a dos Terán, Bustamante, Obregón, Ceballos, etc. Traslado a Aés, onde se conservan fermosas casas brasonadas (século XVII) no barrio de Las Cortes. Despois visitaremos Puente Viesgo, onde coñeceremos a igrexa de San Miguel, con capela e torre exterior do século XVIII. Veremos a curiosa estación de tren de comezos do século XX que utilizaban os viaxeiros que se achegaban ata o balneario de Puente Viesgo. O edificio e o reloxo conservan os elementos orixinais. Alí tamén se atopa a locomotora de motor Reyerta, unha máquina de uso industrial que prestou servizo ata os anos 70. Destaca tamén o edificio do balneario, do século XIX, e a Casa de Fuentes Pila, hoxe sede do Concello. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.



2 de outubro – Santoña / Laredo / Noja

Almorzo e visita a Santoña, vila mariñeira aos pés do monte Buciero e famosa pola elaboración das súas anchoas. Nesta localidade poderemos atopar varios monumentos declarados Ben de Interese Cultural, como a igrexa de Santa María do Porto, o antigo Hospital Militar, os fortes (o de Napoleón, o de San Carlos ou o de San Martín) ou a Casa Palacio do Marqués de Manzaneda. Visitaremos unha famosa fábrica de conservas de anchoa. Despois subiremos ao barco que nos trasladará a Laredo cruzando a ría. Visitaremos Laredo, comezando o percorrido por “Puebla Vieja”, declarada conxunto histórico-artístico. Admiraremos o seu conxunto arquitectónico, que alberga un valioso tesouro artístico en retablos, sepulcros, tallas e pinturas. Destacan as casonas e pazos, as torres, igrexas e conventos, que forman un valioso conxunto. Regreso en barco a Santoña. Traslado ao hotel e xantar. Pola tarde visitaremos camiñando a localidade turística de Noja, onde destacan a praia de Tregandín, a casa-palacio dos Venero, a casona dos Garnica e a dos Velasco. A igrexa parroquial de Noja (século XVII) é o mellor exemplo de construción relixiosa. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

3 de outubro – Noja / Castro Urdiales

Almorzo. Pola mañá visitaremos Castro Urdiales. Trátase dunha antiga vila de pescadores que conta coa igrexa de Santa María da Asunción, o castelo faro, a ponte Medieval e a ermida de Santa Ana, Concello, Palacio e castelo de Ocharán, etc. Regreso ao hotel e xantar. Pola tarde, os integrantes do grupo que o desexen poderán visitar Noja, pasear polas súa rúas... Tamén disporán, os que o desexen, dun traslado ao centro de Santander para facer unha visita libre. Cea e aloxamento.

4 de outubro – Cova do Soplao / Cabezón do Sal / Parque Cabárceno

Almorzo. Pola mañá coñeceremos a cova do Soplao, unha marabilla da natureza onde as formacións kársticas de excéntricas formas construíron un mundo subterráneo único no mundo e espectacular. Saída cara a Cabezón do Sal, que toma o seu nome da actividade que exerceu durante séculos: a extracción do sal. Conta cun riquísimo patrimonio histórico-artístico, con multitude de edificios dignos de mención, que invitan a un percorrido minucioso. Entre os máis



importantes figura a casa-pazo de Carrejo (hoxe convertida en Museo da Natureza de Cantabria) e o pazo de Bodega (século XVIII). Xantar en restaurante. Pola tarde visitaremos o parque de Cabárceno, situado nunha antiga mina, na que conviven de forma natural diversos animais salvaxes. Relizaremos unha visita guiada gozando dos seus animais e dos espectáculos, así como das novas cabinas de cristal do parque. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

5 de outubro – Fuente Dé / mosteiro de Santo Toribio de Liébana / Potes / Galicia

Almorzo. Saída cara a Fuente Dé, onde subiremos ao teleférico que, salvando un desnivel de 800 metros, nos situará no corazón dos Picos de Europa. Traslado de ida e volta. Ao finalizar esta impresionante visita natural, coñeceremos o mosteiro de Santo Toribio de Liébana. Despois trasladarémonos a Potes. Xantar especial a base de cocido lebaniego en restaurante. Visita á vila de Potes, unha das máis bonitas de Cantabria. O centro histórico está declarado Patrimonio de Interese Histórico Artístico polas súas pequenas caellas empedradas, pontes e casonas brasonadas. Saída cara a Galicia, con breves paradas en ruta.



PREZO:

Soci@ Abanca: 639€

Soci@: 702,9€

Suplemento habitación individual: 195€ (a realizar no último pagamento)

SE INCLÚE:

Traslados dende os Espazos +60 Afundación ao punto de saída

Autocar Gran Turismo para todo o percorrido

Pensión completa en hotel Liber&Spa, 4* estrelas en Noja

Pensión completa toda a viaxe desde el almuerzo del primer día al almuerzo del último día

Bebidas (auga e viño) en xantares e ceas. Café ou infusión nos xantares e ceas

Visitas e excursións relacionadas no programa con audioguías

Guía acompañante dende Galicia

Visitas con guía oficial en Santander, Comillas, Santillana del Mar e Parque de Cabárceno. Entradas ao Tren Magdaleno en Santander, Palacio da Magdalena, barco de Santander dende o mar, ao Capricho de Gaudí, colexiata de Santillana del Mar, fábrica de conservas de Anchoa (con visita guiada), barco Santoña a Laredo (ida e volta), cova do Soplao (con visita guiada), parque de Cabárceno, Teleférico de Fuente Dé, mosteiro de Santo Toribio

Seguro de viaxe e de cancelación.

//Afundación

Obra Social ABANCA

Información e reservas
Espazos +60 Afundación ou
viajes Embajador. A Coruña.
981210480